





Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 0071/2017**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por , mediante escrito do 30 de xuño de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 6 de xullo de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O interesado indicaba que con data de 3 de maio de 2017 presentou un escrito ante a Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, polo cal, reiterando solicitudes anteriores (29/03/2017) ao amparo do establecido nos art. 12, 13, 14, 15, 17, 20 e 22 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, tras alegar a circunstancias concorrentes ao caso, solicitaba da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural copia íntegra do expediente coas Dilixencias Informativas VI-PO-191.13, Expediente 761/14.

En síntese, indicaba que tales dilixencias informativas traían causa dunha denuncia presentada por el con data de 12 de novembro de 2013 ante o Concello de Cerdedo, con rexistro de entrada nº 1781 no Concello, contra o propietario do inmovible e promotor dunhas obras na vivenda da súa propiedade sita no número 26 do lugar de Pedre, que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal nin a pertinente autorización previa do órgano con competencias en materia de patrimonio cultural, xa que se trataba dunha actuación no

Conxunto Rural de Pedre, ben inventariado que constitúe un núcleo rural especialmente protexido e que as normas urbanísticas do concello sometían a autorización previa da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural.

O recorrente consideraba desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de acceso á información por ter transcorrido o prazo legal para resolver e notificar establecido no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

No seu recurso substitutivo perante esta Comisión da Transparencia engadía unha solicitude que non figuraba na súa petición inicial de acceso á información: invocaba a súa condición de interesado para que se lle facilitara copia íntegra do expediente sancionador incoado como consecuencia dos feitos denunciados.

Segundo. Con data do 7 de xullo déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 12 de xullo de 2017.

Terceiro. Con data do 31 de xullo se recibiu o informe da administración e o expediente elaborado.

O informe, en resumo, indicou que o día 3 de maio de 2017, ██████████ presentou, no Rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra (Entrada 52543/ RX 1150888), un escrito dirixido á Xefatura Territorial de Pontevedra solicitando o acceso ás actuacións informativas previas do expediente VI-PO-191-13, Expediente 761/14 así como a expedición de copias do mesmo.

Tendo en conta que a información solicitada refírese a trámites realizados polo servizo correspondente da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CCEOU), a Xefatura Territorial de Pontevedra remitiu a solicitude aos Servizos Centrais, mediante oficio do 19 de maio de 2017 (Saída 50857/RX 776462). O escrito do solicitante entrou no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela o 24 de maio de 2017 (Entrada 74858/ RX 1354376).

O día 22 de xuño de 2017, a directora xeral de Patrimonio Cultural ditou unha resolución mediante a que se lle denega a ██████████ o acceso á información solicitada mediante o escrito do 3 de maio de 2017, fundada no disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. O interesado recibiu

a notificación da resolución o 4 de xullo de 2017, segundo consta no acuse de recibo CD 03201174546.

En relación aos feitos expostos, a consellería informa que, de acordo co disposto nos números 3 e 4 do artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, é competente para resolver a solicitude de acceso á información presentada por ██████████, a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. O prazo legal do que dispón para resolver e notificar a resolución é de un mes contado desde o día no que reciba a solicitude.

En relación co anterior, o órgano competente para resolver recibiu a dita solicitude de acceso o 24 de maio de 2017, polo que a consellería sinala que o *dies ad quem* do prazo para resolver e notificar a resolución sería o sábado 24 de xuño de 2017. Porén, de acordo co disposto nos números 3 e 5 do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, os sábados non son días hábiles e, cando o último día dun prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado o prazo ata o primeiro día hábil seguinte, isto é, o 26 de xuño de 2017.

O 22 de xuño de 2017, a directora xeral de Patrimonio Cultural ditou unha resolución mediante a que se lle denega a ██████████ o acceso á información solicitada mediante o escrito do 3 de maio de 2017, fundada no disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. O informe da consellería salienta que esta resolución adoece dun erro material respecto da data de entrada do escrito do solicitante, xa que corresponde a outro escrito de distinto obxecto presentado polo mesmo reclamante. No primeiro parágrafo ten que dicir "O 24.05.2017 tivo entrada (...)" no canto de "O 09.06.2017 tivo entrada (...)". O interesado recibiu a notificación da resolución o día 4 de xullo de 2017.

En definitiva, a consellería remata o seu informe indicando que o prazo para resolver e notificar a resolución sobre o acceso á información da CCEOU rematou o 26 de xuño de 2017, precisamente o día no que se notificou a devandita resolución denegatoria da directora xeral de Patrimonio Cultural.

De acordo co disposto na solicitude de informe da Valedora do Pobo, o informe da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achega os documentos que obran no expediente do procedemento de acceso á información pública de ██████████:

1. Páxinas 1-2: Escrito do 03.05.2017, de ██████████, no que solicita o acceso ás actuacións informativas previas VI-PO-191.13 e expediente 761/14.

2. Páxinas 3-5: Oficio de remisión da solicitude da Xefatura Territorial de Pontevedra á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e acuse de recepción no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.
3. Páxina 6: Resolución do 22.06.2017, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural denegando a solicitude de acceso á información de ██████████ ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
4. Páxina 7: Acuse de recibo da resolución do 22.06.2017.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, do 9 de decembro e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

A única argumentación que figura no informe da administración estriba na consideración e cómputo dos prazos legais para resolver e notificar, poñendo de manifesto que, malia o debido cumprimento por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do prazo legal para resolver e notificar, ██████████ entendeu desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, tendo en conta os preceptos citados e o número 5 do artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. En consecuencia, o interesado presentou o 30.05.2017 ante a Valedora do Pobo unha reclamación contra a desestimación presunta da súa solicitude, nos termos do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Porén, a consellería considera que catro días antes da presentación da dita reclamación xa fora resolta e notificada a resolución denegatoria da solicitude, a cal o interesado recibiu oito días despois, o 04.07.2017 (e non catro, como afirma erroneamente o informe da administración).

O informe da administración conclúe que o interesado exercitou os seus dereitos de solicitar o acceso a información dunha consellería e de reclamar ante a Valedora do Pobo a desestimación presunta da súa solicitude. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola súa banda, cumpriu a súa obriga de resolver a solicitude e de notificala dentro do prazo legal estipulado na normativa vixente en materia de transparencia.

Nada dí o informe da administración sobre os motivos da resolución denegatoria da súa solicitude, a pesar de que na solicitude desta Comisión se lle indicaba que o informe se pronunciase sobre a existencia e o obxecto da solicitude de acceso á información pública e sobre os trámites realizados pola administración ao respecto, segundo o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Xa que logo, cómpre examinar estas dúas cuestións: o prazo legal para resolver e notificar, e os motivos alegados na resolución para denegar o acceso á información solicitada.

1. Sobre o cómputo do prazo máximo dun mes para ditar e notificar resolución expresa, xorden moitos problemas no *dies a quo*, xa que o artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno refire ese cómputo á recepción da solicitude polo órgano competente para resolver. Cando a solicitude non se presenta directamente ante dito órgano, o recorrente descoñece a data na que tivo entrada a súa solicitude no rexistro do órgano competente, o que dificulta o cómputo do prazo legal para entender desestimada por silencio a súa solicitude de acceso e, en consecuencia, poder interpoñer unha reclamación perante o Valedor do Pobo ou facer uso dos demais recursos que legalmente procedan.

Neste caso, o recorrente presentou a súa solicitude no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, no edificio administrativo de Pontevedra, o día 3 de maio de 2017. Desde ese mesmo rexistro do edificio administrativo de Pontevedra, a súa solicitude foi remitida á Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 19 de maio –dezaseis días despois–, e foi recibida no Rexistro Xeral o día 24 de maio de 2017, vinte e un días despois da súa presentación. En ningún momento se lle comunicou desde o órgano competente para resolver a data da recepción do seu escrito para o seu coñecemento a efectos do cómputo do prazo.

O artigo 21 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas regula a obriga de resolver e sinala que nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o cómputo dos prazos faise desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para a súa tramitación. As Administracións Públicas deben publicar e manter actualizadas no portal web, a efectos informativos, as relacións de procedementos da súa competencia, con indicación dos prazos máximos de duración dos mesmos, así como dos efectos que produza o silencio administrativo.

En todo caso, as Administracións Públicas informarán aos interesados do prazo máximo establecido para a resolución dos procedementos e para a notificación dos actos que lles poñan término, así como dos efectos que poida producir o silencio administrativo. Dita mención incluírase na comunicación que se dirixirá ao interesado a tal efecto dentro dos dez días seguintes á recepción da solicitude que inicia o procedemento no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para a súa tramitación. Neste último caso, a comunicación indicará ademais a data en que a solicitude foi recibida polo órgano competente.

Pola súa parte, o artigo 31.1 c) no relativo aos rexistros electrónicos establece que o inicio do cómputo dos prazos que haxan de cumprir as Administracións Públicas virá determinado pola

data e hora de presentación no rexistro electrónico de cada Administración ou Organismo. En todo caso, a data e hora efectiva de inicio do cómputo de prazos deberá ser comunicada a quen presentou o documento.

A administración non comunicou ao solicitante a data de entrada no rexistro da súa solicitude para poder realizar o cómputo dos prazos.

A directora xeral de Patrimonio Cultural ditou o día 22 de xuño unha resolución denegatoria da solicitude de acceso, con rexistro de saída do día 26 de xuño. A notificación foi recibida polo reclamante o día 4 de xullo de 2017.

Cómpre destacar que o prazo dun mes é para resolver e notificar. Con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta a disposición, da recepción ou acceso polo interesado ou o seu representante, das súas datas e horas, do contido íntegro, e da identidade fidedigna do remitente e destinatario da mesma. A acreditación da notificación efectuada incorporárase ao expediente.

Neste caso, ata o día 4 de xullo o interesado descoñecía por completo a existencia e o contido da resolución administrativa ditada o día 22 de xuño. Polo tanto, é perfectamente admisible a interposición do recurso substitutivo por ter transcorrido amplamente o prazo dun mes para ditar resolución.

2. Sobre a existencia e o obxecto da solicitude de acceso á información pública, o informe da administración non se pronuncia, pero da copia do expediente se deriva que a resolución denegatoria do acceso á información fundamentouse no disposto no parágrafo segundo do número 1 do artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Segundo a resolución da directora xeral de Patrimonio Cultural de 22 de xuño de 2017, se a información solicitada contén datos especialmente protexidos daqueles aos que se refire o número 3 do artigo 7 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ou datos relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas que non comporten a amoestación pública ao infractor, o acceso só se poderá autorizar en caso de que se conte co consentimento expreso do afectado, a menos que o dito acceso estea amparado por unha norma con rango de lei.

Unha vez analizada a solicitude, a dirección xeral considerou que incorría no suposto establecido no parágrafo precedente, xa que se trataría de datos relativos á comisión de infraccións administrativas, razón pola cal, ao non existir norma con rango de lei na cal se poida amparar o acceso solicitado e non contar co consentimento expreso do afectado, procedeu a denegar o acceso á información solicitada.

Non figura no expediente que se solicitase o consentimento expreso do afectado e, polo tanto, non hai constancia algunha sobre este punto.

A resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non invoca na súa resolución o límite do artigo 14.1, e) da Lei 19/2013, relativo á prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios senón que se refire ao parágrafo segundo do número 1 do artigo 15 da Lei 19/2013.

Para a aplicación do límite alegado, e calquera outro, non é suficiente que o solicitado se inclúa no ámbito material mencionado como límite. Debe prexudicar o ben xurídico protexido co límite (“... cando acceder á información supoña un prexuízo para” os ámbitos materiais mencionados como límites no art. 14. Nese caso tamén debe realizarse unha ponderación, de forma estrita e suficientemente motivada, e debe avaliarse a posible prevalencia do interese público (mesmo do privado) no acceso, aínda no caso de prexuízo comprobado para o límite. Así, “a aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso (art. 14.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro).

Por tanto, as restricións ao acceso –aínda dentro dos campos obxectivos dos límites– non se aplican automaticamente, senón que precisan xustificación e ponderación. O prexuízo debe concorrer en concreto, non de forma xenérica, e no caso de confirmarse ese prexuízo debe indicarse a que parte da información afecta (non pode estenderse á totalidade do pedido de forma automática). Debe mencionarse como se fixo a ponderación e as causas polas que se entende que non prevalece o interese público ou privado a favor do acceso. Esta tarefa realízase a través do test do dano (aos ámbitos materiais cualificados como posibles límites) e do test do interese (posible prevalencia do interese do acceso). Unha vez realizados de forma sucesiva poden entenderse ponderados todos os aspectos a ter en conta. A avaliación debe constar na motivación do resolto.

No caso examinado a decisión da consellería non contén a labor de ponderación mediante os tests necesarios para a aplicación do previsto nos arts. 14 e 15. Só menciona a presenza xeral do límite do parágrafo segundo do número 1 do artigo 15 da Lei 19/2013, pero sen concretar a ponderación necesaria, que é a que pode levar a considerar a materia da solicitude como prexudicial para o ámbito/límite e xustificalo adecuadamente, e finalmente considerar que debe aplicarse como tal límite porque o interese público ou privado en ter acceso á información pública non sexa prevalente.

Porén, existen claros motivos legais para permitir acceder á copia das dilixencias informativas. En primeiro termo, porque a propia consellería recoñeceu este dereito de acceso á información nun momento anterior, comunicándolle ao reclamante o estado de tramitación

das actuacións informativas previas mediante unha resolución do 18 de abril de 2017, en resposta a unha solicitude presentada o día 8 de marzo de 2017. Deste xeito, lle recoñeceu a condición de interesado. Con este termo se refire ao reclamante o informe da administración en numerosas ocasións.

Cómpre destacar que o reclamante achega transcripción literal dunha resolución do 10 de decembro de 2015, da directora xeral de Patrimonio Cultural, na que resolve “Non autorizar a legalización de obras executadas e obras en cuberta de anexo a vivenda unifamiliar”, ordenando ao promotor que presente a través do concello “o proxecto de demolición e restitución ao estado orixinal da edificación, liberando cando menos o espazo da planta alta entre as edificacións nº 26 e nº 28, que permite recuperar as fachadas traseiras orixinais destas dúas edificacións. Dito proxecto deberá incluír, así mesmo, a eliminación das intervencións no autorizadas que afectan á fachada principal coa restitución ao seu estado orixinal”.

A condición de interesado se recoñece tamén cando nin na resolución desestimatoria da directora xeral de Patrimonio Cultural de 22 de xuño de 2017 nin no informe remitido á Comisión da Transparencia faise referencia a esta circunstancia.

Por outra parte, trátase dunha infracción que afecta ao patrimonio cultural, que conta, como é sabido, cunha lexitimación específica a través da acción pública ata o punto de que o artigo 3 da entón vixente Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia recoñecía (na liña do artigo 8 da lei estatal) que calquera persoa física ou xurídica está lexitimada para actuar en defensa do patrimonio cultural de Galicia ante as Administracións Públicas da Comunidade Autónoma e os Tribunais de Xustiza, en cumprimento do previsto nesta lei.

Quinto.- A previa disociación dos datos que deban ser protexidos constitúe unha garantía suficiente, sen que poida denegarse o acceso ao expediente invocando a mera existencia de datos relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas que non comporten a amoestación pública ao infractor ou a falta dun consentimento que non consta que fora recabado.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 30 de xuño de 2017, contra a denegación de acceso e copia íntegra das actuacións informativas previas VI-PO-191.13, Expediente 761/14 por resolución da directora xeral de Patrimonio Cultural ditada o 22 de xuño de 2017, que deberá facerse coas cautelas que a Lei 19/2013, do 9 de

decembro establece para o caso de que existan terceiros afectados nun procedemento administrativo sancionador.

Segundo: Instar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai referencia á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017.

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga